

Viveiro e a súa Semán Santa

Antonio Fraguas Fraguas

A Semán Santa foi moi interesante en Galicia e non sabemos as razóns do seu esvaimento, nos intres en que se habían fundado novas confradías coas correspondentes imaxes realizadas por nomeados artistas. Non había parroquia campesiña que non celebrara istas solemnidades e, vilas e cidades, tiñan pasos e procesións con imaxes e personaxes que de tanto representar o papel, quedaron sinalados co nome correspondente como se se tratase de un mote heráldico gañado polo seu papel procesional.

De extraordinaria hai que calificar a Semán Santa que se celebra en Viveiro. Poetas cronistas e visitantes eloxian o sentimento do pobo en todas as xornadas, incluída a Pascua. Falta hoxe, por celebrar a Pascua cos Benventurados, Enrique Chao Espina, que na súa vida foi comentarista da Gran Semán da Pasión e a sabendas que lle agradaría o noso comentario comencamos con uns versos de Luz Pozo Garza que, si Viveiro fora seu, faríalle fermoso muro e valiosas portas de entrada:

*Si la ciudad fuese mía
le colocaría un cerco
con cuatro puertas de plata
y cuatro puertas de hierro.
¡Ay el dolor sin regreso
dolor de Semana Santa
en las calles de Vivero!*

A Procesión das palmas, procesión vella en canto os seus comenzos, pero moi recente en varias localidades galegas, antre as que figura Viveiro. Nova pero de infantil ledicia, seguro que leda a marcha polas rúas era manifestación sinceira de agasallo a Noso Señor que chega ó pobo. Con historia secular, dende o ano 1733 en cargáronse os Terciarios Franciscáns de sacar polas rúas a imaxe do Ecce-Homo, que era deica isa data traballo da Cofradía da Vera Cruz. A vella imaxe procesional é a

chamada: «O Ecce Homo dos franceses», porque con fe pregaron os veciños proteución no intre que os franceses que ían facer as consabidas barbaridades como as feitas noutros pobos, e por verdadeiro milagro, Treni, perdonou a Viveiro as fallas que endexamáis cometera. A imaxe procesional é nova.

No mércores hai un solemnisimo Vía Crucis Penitencial que sin outra simboloxía procesional que a Cruz alzada vai seguida de unha devota moitedume que se traduce na seguinte festa Eucarística. En Viveiro a xente vai a todas as celebracións e o Xoves atenden a visitas de moimentos e procesións. Destaca a Santa Cea, con esculturas retrato de amigos do escultor Xoan Sarmiento, obra que saleo a primeira vez no ano 1808 e parece que a todos lle agradaba verse como Apóstolo, menos Xudas, que ise día non puxo pes nas rúas.

Hai tamén a procesión do «Prendimento» e no día seguinte o «Desenclavo», moi antigo que era auto relixioso a cargo da Cofradía de «Nosa Señora do Rosario dos Nobles» e pra ista función hai unhas normas feitas por Manuel Chao Espina. Celébrase no adro de Santa María, onde se colocan as imaxes de o Crucificado, súa Nai e San Xoan. O ritual é o seguido en todos os lugares pero a imaxe da Virxen articula os brazos o que da apoio a un bon orador pra aumentar o fervor do auto.

«O Encontro» comenza cedo, e, noutros tempos, as xentes das aldeas pasaban a noi-



A vella imaxe procesional do «Ecce Homo dos franceses», ó que con fe pregaron os veciños proteución no intre que os franceses ían facer as consabidas barbaridades como as feitas noutros pobos, e por verdadeiro milagro, Treni, perdonou a Viveiro as fallas que endexamáis cometera.

te na plaza pra ter bo sitio no seu momento. Noso Señor vai coa Cruz a Costas, ten movemento no brazo dereito. Leal Insua escribe: «En Santa María el Señor cae por terceira vez y toca a agonía la campana grande de la parroquia, le respnde la pequeña del convento». Noso Señor mirando as celosías das monxas, ergue a man e dalle a súa benazón. Istes eran episodios da Semán Santa en Viveiro.

(Faro de Vigo, 22-3-89)